VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA
Área de Promoción e Proxectos Internacionais
Edificio CACTUS – Campus VIDA
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
http://imaisd.usc.es

# CONVOCATORIA "PROYECTOS EN LÍNEAS ESTRATÉGICAS 2022" DO "PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA Y DE INNOVACIÓN 2021-2023"

| DATOS XERAIS | |
|---|---|
| **Texto da convocatoria** | https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/proyectos-lineas-estrategicas-2022/orden-bases-convocatoria |
| **Descrición xeral** | O obxectivo da convocatoria "Proyectos I+D+i en líneas estratégicas" é apoias a proxectos de investigación industrial **proxectos en cooperación** entre **empresas e axentes de I+D públicos ou privados,**, co fin de dar resposta aos desafíos identificados nas prioridades temáticas (topics) recollidas na convocatoria (anexo a este documento).<br><br>Aínda que a convocatoria establece que os proxectos financiaranse vía préstamo ou subvención, **a participación da Universidade será sempre baixo subvención**. |
| **Participantes** | **Mínimo dúas entidades** participantes: é obligatorio que unha das entidades participantes sexa un organismo de investigación público ou privado (art.5.1.a ata 5.1. g das bases), e outra sexa unha empresa (art. 5.1.h das bases)<br><br>O **coordinador/solicitante** pode ser **calquera entidade beneficiaria da agrupación**.<br><br>Participación **mínima** de cada entidade: **10%** do orzamento total presentado. **Participación máxima** na agrupación: **70%** do orzamento total do proxecto.<br><br>Todos os participantes teñen a **obriga de presentar orzamento e solicitar a axuda**.<br><br>Os organismos de investigación terán dereito a publicar os resultados dos proxectos de investigación, sempre e cando deriven directamente da investigación realizada por eles. |
| **Memoria Técnica** | A **memoria técnica** debe presentarse **OBRIGATORIAMENTE EN INGLÉS**. |
| **Medio Ambiente (Principio DNSH)** | Dentro da **SOLICITUDE** haberá que cumprimentar un apartado referido ao principio de "non causar un prexuízo significativo" **(principio DNSH)** en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resilencia (MRR).<br><br>As seguintes actividades de I+D+i considéranse conformes coa Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo»:<br><br>a) as actividades de I+D+i que dean lugar a resultados tecnolóxicamente neutros a nivel da súa aplicación.<br><br>b) as actividades de I+D+i que apoien alternativas con baixo impacto ambiental, sempre que ditas alternativas existan.<br><br>c) as actividades de I+D+i que se centren principalmente no desenvolvemento de alternativas co menor impacto ambiental posible no sector para aquelas actividades para as que non exista ningunha alternativa de baixo impacto viable tecnolóxica e economicamente.<br><br>As solicitudes que incumpran os requisitos establecidos anteriormente para os proxectos presentados serán excluídas. Para estes efectos, o órgano instrutor solicitará os informes que correspondan a fin de verificar o cumprimento do «principio DNSH» |

| | |
|---|---|
| **Acordo de consorcio** | Na convocatoria de Liñas Estratéxicas non se esixe presentar coa solicitude un acordo de colaboración asinado por todas as entidades participantes dun proxecto.<br><br>Dende a USC **considérase imprescindible a sinatura de, polo menos, un PRE-ACORDO** onde se regule a configuración do consorcio, a xestión da solicitude, acceso e uso de información confidencial, etc. (A USC dispón dun modelo que se poderá facilitar ao solicitante). |
| **Características do proxecto** | ▪ Orzamento **mínimo de 400.000 € e máximo 2.000.000 €.**<br>▪ Duración: **inicio sempre no 2022** (nunca antes da data de peche de convocatoria), e deberán **durar obrigatoriamente 3 anos.** |
| **Gastos subvencionables para a Universidade** | ▪ Gastos de persoal (só persoal dos grupos de cotización 1, 2 e 3 con titulación universitaria de grao medio ou superior ou formación profesional de grao superior). **Non se financia o custo da liquidación** asociado ao contrato laboral (este debe ser asumido polo Grupo/Centro de Investigación).<br>**NOTA:** esta axuda está financiada, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, polo Instrumento de Recuperación Europeo Next Generation EU, polo que admite contratos por obra e servizo durante a vixencia do proxecto.<br>Deberá incluírse obrigatoriamente no orzamento o custe do persoal propio aínda que este non será subvencionado. O custo de persoal propio si computa para o cálculo das porcentaxes de participación. Son necesarios partes horarios para a súa xustificación.<br>▪ Adquisición de aparatos e equipos novos sempre que se dediquen exclusivamente ao proxecto e a súa vida útil coincida coa duración do mesmo. Leasing: só cantidades pagadas dentro do período de execución do proxecto.<br>▪ Material funxible (no se financiará material de oficina nin consumibles informáticos).<br>▪ Subcontratación (máx. 50% do orzamento do participante)<br>▪ Solicitude de patentes.<br>▪ Asistencias técnicas.<br>▪ Consultaría para a xestión do proxecto (só o coordinador e ata 20.000 euros por proxecto).<br>▪ Viaxes estritamente necesarios para a realización do proxecto (só viaxes referidos a persoal incluído no proxecto e imputado na parte de custos de persoal). Non se financian viaxes correspondentes á asistencia a congresos, xornadas ou outras actividades de difusión.<br>▪ Custos de utilización de servizos centrais do organismo sempre que teñan as tarifas públicas calculadas conforme a súa contabilidade de custos.<br>▪ Custos indirectos: porcentaxe fixo de ata o 15% sobre os gastos directos do proxecto.<br>▪ Informe de Auditor ata un máximo de 2.500 euros por entidade beneficiaria.<br><br>NON serán subvencionables: licenzas informáticas xenéricas, difusión de resultados, asistencia a congresos e xornadas, gastos derivados de publicacións, suscricións a publicacións ou revistas científicas, estudos de mercado ou viabilidade, custos de adquisición, mantemento ou estudo de patentes. |
| **Financiamento** | ▪ Universidades Públicas y OPIs definidos en el art. 47 de la Ley 14/2001, de 1 de junio: subvención.<br>▪ Empresas privadas: préstamo.<br>▪ Empresas públicas: préstamo.<br>▪ Centros de I+D públicos e privados: subvención.<br><br>Ver Artigo 45 da Convocatoria<br><br>**IMPORTANTE:** A percepción das axudas reguladas na convocatoria será **compatible** coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración Pública ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, nos termos que |

Edificio CACTUS – Campus VIDA
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
http://imaisd.usc.es

| | | |
|---|---|---|
| | establece o artigo 34 e 38 da *Orde ECC/1780/2013, de 30 de setembro* (B.O.E. 02/10/2013). | |
| **Declaración responsable** | O investigador principal debe enviar asinado antes da presentación do proxecto unha declaración responsable (enviaríase o documento) na que faga constar:<br>• Que coñece os termos e condicións estipuladas na convocatoria *Liñas Estratéxicas 2022*, especialmente no relativo á responsabilidade solidaria dos membros do Consorcio no caso de que un membro da agrupación non responda das obrigas de reintegro.<br>• Que financiará o custo de liquidación asociado ao contrato laboral das persoas que formen parte do equipo de investigación do proxecto referenciado, por non ser este un custo subvencionado pola convocatoria mencionada.<br>• Que, en base á información da que dispoñe, considera que o proxecto a presentar é viable e que o consorcio creado é solvente tecnicamente. | |
| **Criterios de avaliación** | O Artigo 24 da Convocatoria establece o seguinte:<br>**a)** ***Calidade, viabilidade e potencial de transferencia da proposta:***<br>▪ *0 – 40 puntos - umbral: 25 puntos*<br>**b)** ***Capacidade científico-técnica e económica do consorcio:***<br>▪ *0- 20 puntos*<br>**c)** ***Impacto esperado dos resultados:***<br>▪ *0 – 30 puntos*<br>**d)** ***Adecuación do orzamento solicitado**:*<br>▪ *0 – 10 puntos* | |
| **Prazos de presentación de solicitudes** | **1 de XULLO** | Co fin de poder garantir a presentación de todos os proxectos na data de finalización do prazo establecido pola Axencia Estatal de Investigación (**5 de Xullo as 14:00h**.), é necesario que toda a documentación para a presentación da mesma estea subida na Sede Electrónica. **A partir desta data a USC non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo.** |

| | |
|---|---|
| **Información sobre a convocatoria** | **Correo electrónico:** investigacion.colaborativa@usc.es<br><br>**Persoas de contacto:** Laura Martínez (Ext 16238), María Montero (Ext. 16277), Ramón Mazoy (Ext. 22850) e Mª Dolores Vega (Ext. 22852), Eva Fabeiro (Ext. 16208) |

## APOIO DENDE A VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA

Dende a Vicerreitoría de Política Científica considérase que esta é unha iniciativa interesante e polo tanto, ofrecerase un **APOIO TOTAL** a aqueles investigadores que desexen participar, incluíndo:

- Asesoramento completo en todas as fases da solicitude e, posteriormente, seguimento se o proxecto fose concedido.
- Apoio na preparación de orzamentos e na negociación do pre-acordo e/ou acordo de consorcio (a USC dispón de modelos de pre-acordo e de acordo de consorcio que se poderán facilitar).
- Envío de documentación: Orzamento, pre-acordo, outros documentos necesarios para a presentación.

**NOTA IMPORTANTE**

Cada membro da agrupación **deberá responder das obrigas de reintegro ou das sancións** que se podan impoñer como consecuencia do incumprimento dos seus compromisos, nos termos establecidos nos artigos 40.2 e 53.a) da *Ley 38/2003, de 17 de noviembre*.

No caso de que un membro da agrupación non responda das obrigas de reintegro, **cada membro da mesma responderá solidariamente**, de acordo co artigo 40 da *Ley 38/2003, de 17 de noviembre*. O importe a reintegrar por cada membro da agrupación terá como límite as cantidades de axuda efectivamente recibidas.

En virtude do establecido na disposición adicional primeira da *ECC/1780/2013, de 30 de septiembre,* cada membro da agrupación responderá individual e exclusivamente da amortización do préstamo que lle foi asignado e dos incumprimentos nas devolucións das cotas de amortización dos préstamos, **non aplicándose a responsabilidade solidaria á devolución dos préstamos**.

Por esta razón, os grupos de investigación e os servicios técnicos da Universidade **deberán sempre revisar e considerar a solvencia de todos os socios cos que participar nalgún proxecto** de cara a decidir a participación ou non da USC no proxecto **o que deberá informarse de forma expresa antes de validar a proposta**.

VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA
Área de Promoción e Proxectos Internacionais
Edificio CACTUS – Campus VIDA
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
http://imaisd.usc.es

## PRIORIDADES TEMÁTICAS 2022

https://www.aei.gob.es/sites/default/files/convocatory_info/2022-06/Listado_topics_PLE2022.pdf

1. Desarrollo de nuevas estrategias para hacer frente a la resistencia antibiótica.
2. Nanomateriales para aplicaciones tecnológicas y biomédicas.
3. Métodos físicos seguros para diagnóstico y tratamiento de enfermedades.
4. Nuevos enfoques para comprender los mecanismos y establecer nuevas estrategias para la inmunoterapia del cáncer de tumores sólidos.
5. Gerociencia y geroterapéutica; bases moleculares del envejecimiento saludable y prevención de las enfermedades del envejecimiento.
6. Cuidados de largo plazo: mejoras en información, conocimiento y mecanismos de provisión.
7. Promoción del bienestar individual y social a través de nuevas tecnologías y enfoques analíticos.
8. Privacidad en línea, discriminación de precios y revelación de información por parte de los consumidores.
9. Predicción de catástrofes naturales.
10. Captura, almacenamiento y valorización de co2.
11. Reducir el consumo futuro de energía y las emisiones de GEI en la industria.
12. Nuevos métodos de almacenamiento, transporte y transmisión de energía para sistemas autónomos.
13. Mejora de la sostenibilidad agrícola a escala territorial basada en los principios agroecológicos y en laboratorios vivientes.
14. Desarrollo e integración de aplicaciones fotovoltaicas: agrovoltaica y solar flotante.
15. Desarrollo de nuevos métodos alternativos para reducir la experimentación animal.
16. Desarrollo de tecnologías habilitadoras para la industria 4.0: procesos de fabricación avanzada.
17. Transición digital en el sector agroalimentario.
18. Enseñanza y cultura del español y lenguas cooficiales.